

# VAGANTÍO

(Vinte e dous poemas)

Emilio Rodríguez Miranda



## DESACOUGO

*(Lento)*

Chuvia miúda;  
xente coñecida, allea, apática.  
Crise profunda  
agochada nunha tea branca.  
Esperanzas, ilusión e fantasías  
que axiña esváense  
na noite esmorecida.

Corredoiras poeirentas  
sucan o meu corpo,  
e medra paseniño  
a dúbida medoñenta.

Vagantío sen fin;  
luzada escintilante  
que reflecte a faciana

da ledicia fuxidía.

Namentres.....,

lembranzas serodías

axexan nos eidos baldíos

da miña soidade.

## PRESAXIO

*(Moderato)*

Sempre estás aí, perto do meu corpo,

collendo o bafo da miña inquedanza;

pero non son quen de dicirche nada.

Sinto a túa preocupación

reflectida nos meus soños intermitentes;

pero bates no muro da palabra entrecortada.

A parálise teimosa, os acenos amedrentados,

acochando quizais unha falla primitiva;

pero non son quen de dicires nada.

Advirto no ar infectado

pola chuvascada serodia do verán

un recendo murcho a terra mollada;  
e no luscofusco acolledor e vermello  
presaxio respostas esgotadas  
e receos infundados  
que podrecen as veas salitrosas.  
A treboada ven chea de novas inquedantes  
que descargan no horizonte notas dominantes  
de dor ferida soterrada.

## A NOITE Á ESPREITA

Dende a miña pequena atalaia  
vexo pasar xente miúda  
ata esvaerse na recta infinda.  
Un can ladra a refoladas  
con un son aguzado e rouco;  
pombas revoan no meu tellado;  
serpea o camiño empinado  
ata esmorecerse co soutelo  
de eucaliptos e piñeiros.

O facho, co seu escintileo compasado,  
guía a miña ollada  
cara á illa enfeitizante.  
O balbordo da vida da paso  
á noitiña silandeira,  
e a lúa espreguízase aos poucos  
do seu escondedoiro segredo.  
Lámpadas febles alumean  
os vieiros impenetrables das herdades.  
A noite á espreita.

## NON TEN PEDIGREE

Ensarillada no seu rolo de tea branda  
adoita ter a mesma expresión na súa faciana.  
Sempre con ese aceno imperturbable  
froito, se cadra, da súa vida resignada.  
Non ten pedigree que se saiba,  
nin lembranzas da súa nenez,

afeita a seguir submisa dende sempre

as pegadas vacilantes.

Ás veces semella querer falar,

e enxerga os teus pensamentos

cunha ollada indescifrable.

Pero deseguida entra en transo,

como nun soño de fondo catarse,

devecendo e "*rallentando*"

o seu respiro.

## NUBES

Formas indescritibles, caprichosas, ateigan o firmamento,

ás veces deixan albiscar un nidio que axiña é agochado

por un manto mesto algodoeiro.

Engordan, esténdense, encollen o seu ventre,

dividen os seus núcleos coma mitose celular,

fagocítanse, e despois.....

esváense cara ó Norte, paseniño,

ao compás do vento morno do Sur,

envoltas nun halo de misterio.

RELANZO

Fóra, o mar libre embravecido;

dentro, ó abeiro das rochas e penedos,

un lago manseliño de augas salitrosas

bota pequenas vagas á ourela,

enchoupando a praia de area grosa.

Ao redor, unha fraga case virxe

de eucaliptos e piñeiros

acubilla o seu areeiro.

Devala o sol ata acocharse

detrás da illa,

e a derradeira raiola da paso

á noite estrelecida.

## TEMPO AMOUCADO

Chove a chuzos;

unha cortina de auga varre sen tregua

o ceo anubrado e plúmbeo.

O mar alporizado de ondada sen fin

bate no facho solitario

e na lene ribeira.

Unha mera gris confusa

envurulla na costa os soutos de piñeiros,

e a casa grande de xente soberbia.



## HAICHE PERSOAS BEN RARAS...

Outro día máis escoitando verdades irrefutables,  
consellos inútiles, vivencias intrascendentes,  
e non respondo da miña pacífica condescendencia.

Preciso con urxencia un soro de humildade nas miñas veas  
que afaste esta desazón que me abrangue.

Envorca a eiva que tes, froito da túa propia ignorancia,  
contra aqueles espectadores dóciles  
que sorrín, aturan e aplauden  
as túas inxenuas parvadas.

Pero non fagas escravos ós demais da túa presenza,  
contando historias tan infecundas coma tolleitas,  
porque ninguén vaiche levar a contraria,  
sendo como eres....., unha persoa ben rara.

## LÁMPADAS TENUES E DISPERSAS....

Lámpadas tenues e dispersas  
marelece os camiños na noite estrelecida.

Os focos dun automóbil  
alumean a estrada escura que baixa  
ata deixar atrás o luminoso  
dunha cafetería.

Na outra banda da ría  
diminutos foguetes artificiais sen estrondo  
prenden o ceo do 15 de Agosto,  
na honra da Asunción de María.

“A lúa sucede ao sol,  
coma a noite sucede ó día”.

## ERA UN DÍA DE VERÁN ANUBRADO....

Era un día de verán anubrado e gris;  
a brétema esvarábase polas linguas de terra arredadas,  
e asolagaba os corazóns dos homes.

Unha muller enxoita e abandallada  
camiña devagar pola beirarrúa, faladeira;  
non se detén, arrédase baixo o beiril  
dun edificio escuro.....e desaparece.

“Hai poalla e despois chuvia;  
hai melura e mais mera,  
e hai amores que sofren  
longas noites de espera”.

## QUE NON MEDRE O ABATEMENTO.....

Malas novas chegan dende o Norte,

e no ar hai un recendo

a desacougo e renuncia.

Políticos desleixados

podrecen as nosas veas,

contaminan o ar limpo

de propostas tolleitas.

Envelenan as ilusións

dunha xeración perdida

e logo nos din, con desprezo,

que *"sabían o que facían"*.

Por mor duns cantos ladróns

que sorrín ás agachadas,

que empobrecen a nosa vida

e fenden a nosa *ialma* (l)

estamos hoxe aquí, xuntos,

para que non nos quiten o soño,

para que non aldraxen esta Democracia,

acadada despois de moitas e

fatigosas batallas.

A Educación, a Sanidade, a Xustiza,

a nosa Cultura, o emprego;

as nosas vidas esnaquizadas;

queren ferir de morte este devezo compartido.

Queren soterrar no esquecemento

esta nosa rebeldía pacífica,

para que sexamos

coma vagas sen espuma, árbores sen raíz,

*boias á deriva* como dicía Ortega y Gasset,

a mercé dos mercados aloucados

e políticos insensibles e mercenarios.

Temos a obriga de afiuzarnos,

de seguir berrando,

de desenmascarar as medias verdades,

de non ter medo a equivocarnos,

de seguir sumando esforzos.

Non nos deixemos enredar

polas palabras políticamente educadas.

Non nos deixemos engaiolar por falsas promesas,

que só buscan atordarnos,

e non resollen as nosas inquiredanzas.

Só Nós seremos quen  
de virar este rumbo errado que nos queren impoñer.

Só Nós seremos quen  
de coller o temón da nosa propia existencia.

Que non medre o abatemento

1) *licenza poética*

## SERÁN DESCRITIVA

Á fin, despois de arroiar hai só uns poucos días,  
o ceo está case limpo de nubes, aventurando  
o día de mañá un armisticio.

Hoxe o mar está calmo coma un prato;  
pequenas vagas onduladas  
arrolan a gamela, coma nun berce salgado.

Á tardiña, o sol broncea o meu corpo aos poucos;

case non hai vento, este vento serodio  
e morno de finais do mes de Agosto.  
As roseiras, os xeranios, as prantas  
do meu xardín agradecen este tempo,  
dándolles o derradeiro tributo a este sol temperado.  
Unha voda de pardais garulan  
e fan viravoltas no aire  
furando o ceo coma un lóstrego.  
Unha gama de apoucados cores  
verdes, ocres e marelos  
pintan a paisaxe das veigas e soutelos.  
As sombras fanse cada vez máis alongadas,  
coma figuras esveltas, semellando  
pinturas do Greco,  
e xogan coa luz final do día  
ás agachadas.  
O sol vaise, amodiño, detrás dos outeiros  
do meu pequeno Universo.

## VAGUIDADES

Estou ermo;

dame preguiza ata de lavar a cabeza:

non cho digo con firmeza,

nin tampouco con certeza, nin con lixeireza,

dígocho con xusteza

e con franqueza.

*Qué rareza!.....*

Hoxe comeza

un novo día.....,ata que desapareza.....,

e floreza outra vez.

*Qué proeza!.....*

Así é a vida de moitas persoas;

chea de dor, de maleza, de tristeza,

*Qué viveza!.....*

*Qué torpeza!.....,*

que ninguén che coñeza;

che esqueza!



## MUSA DE BELUSO

O vento dondo do leste

peitea a túa crina trigueira:

Ónde estabas naquela noitada serena?

A túa faciana alumea

coma un farol as sombras

ocultas e segredas:

Ónde ibas polas soidosas vereas?

Efémera presenza dubidosa;

reverdece o sangue das miñas veas;

acouga a mágoa luída.

Traballada, reflexiva, intuitiva;

moitas veces preguizosa,

outras, é coma unha mareira

que ateiga a miña mente ociosa.

Zanfonea rebuldeira;

ponche fóra de cacho;

esborranha as miñas ideas,

e logo, marcha algareira:

Ónde vas agora ás présas, compañeira?

## RAIAR O DÍA

O primeiro albor, que alumea  
a soedade abafadiza e que preme  
o corazón durante a noite confusa,  
aínda conserva a súa natureza primitiva.

Non teñas medo das novas que abesouran  
ás consciencias covardes; non te escondas  
detrás da hipocresía herética de persoas de fasquía magoante,  
de faciana indefinida, ensoberbecidas no seu mundo vacuo,  
e que camiñan devagar polos vieiros insondables.

Comeza a perfilar o contorno esvaecido  
das casas, das árbores, da paisaxe medrosa;  
e amosa a timidez sen receo,  
rexeitando favores prestameiros da noite usureira.

Esperta os sonhos do novo día arrecendo  
a soalleira mañá , embebecida deste aire húmido  
de principios de setembro.

## TRAGOUNO A TERRA...

Tragouno a terra.

Esvaeuse fuxidío da telúrica sombra que o acubillaba.

Non preguntou a ninguén ónde atopar a luz  
da súa agónica presenza.

Contempla a túa cara no espello: Qué ves?..

se cadra, un espellismo reflectido nunha parede de cemento?

Quizais a pegada indeleble da túa fantasía, dos teus quebrantados proxectos?

Sinto, agora xa non tes tempo

para lembrar o que fuches hai tanto tempo;

o que puido ser e non foi; non pretendo

ser o teu oráculo de *Delfos*,

nin o *cicerone* que che amose o camiño poirento,

nin moito menos o *álter ego* dos teus pensamentos.

Direicho sen reproches e sen ardeos: O teu tempo esgótase;

o tempo de pensar, de acordar, de escoitar, de non dicires nada,

de medrar,..... de abarcar

que o camiño detense

e a túa figura esvaécese pescudando as pegadas

aínda frescas e latentes

do teu tempo consumido.

## PODERÍA ESTAR TODA UNHA VIDA...

Podería estar toda unha vida contemplando este mar azul cyan.

As lenes vagas cabalgan enriba do manto da súa pel,

dourando a epidermis mariña pola tenue raiola asustadiza.

Participo desta quietude, violentada ás veces polo grallo

crebadizo dunha pardela solitaria, e reparo, que no horizonte,

transcurre a lenta navegación dun pequeno cargueiro

que, quizais, leve no seu ventre a semente que fecunde a terra estéril.

Miro ao lonxe cómo transcurre o tempo sosegado do presente

para poder mergullarme de novo no pasado irrecuperable e no porvir dubidoso.

O sol morno e tímido adurmiña os meus pensamentos.

Unha rosa murcha, avermellada e fragmentada espalla os seus pétalos polo chan,

e así ficarán inertes, ata que o vento húmido e fresco do solpor

borre para sempre as súas lembranzas.

Será breve o letargo cando a escuridade se apodere da súa figura:

A rosa, o mar; a rosa, ata que novamente esperte para a vida.

## VEZO NAS MIÑAS MANS...

Vexo nas miñas mans encalecidas

o devir do paso do tempo.

Unha morea de cicatrices complementarias, transversais,

tan sinaladas algunhas coma velas simétricas;

outras, debuxan a concavidade da miña pel engurrada

con trazos feitos á plumilla.

Semellan dúas formas pétreas, sen vida,

implorando compaixón polas secuencias vividas.

Se pecho estas mans, premendo forte os dedos,

aparecen dous puños sen tensión, coma querendo

apreixar inútilmente todo o oxíxeno nelas, para que non fuxa.

Pero sei que esta fráxil resistencia non abondará

para engaiolar o aire, a vida, e agochala egoístamente;

para cicatrizar as feridas que van poboando aos poucos,

coma regatos secos, o mapa da miña existencia.

## ESVARAN OS DEDOS...

Esvaran os dedos polas cordas da miña guitarra  
procurando acordes imposibles,  
e non consigo pulsar as notas precisas  
que rachen esta monótona melodía.

A espontaneidade doutros tempos esgótase  
coma a lapa dunha vela,  
pero non albisco a posibilidade  
de mudar de instrumento, Non;

Porque Ela sempre estuvo aí,  
á miña beira,  
cando máis o necesitaba,  
intermitentemente ás veces,  
pero sempre agradecida  
coma unha fiel compañeira.

## FERIRON A MONTAÑA...

Feriron a montaña.

Centos, miles de anos formándose

para rematar dividida en dúas metades en prol

dunha estrada chea de ferranchos con rodas

cuspiendo fume, contaminando a pureza xerminal

e levando para sempre os segredos da terra milenaria

arrincados das súas entrañas.

Aínda podes subir ao cumio e botar unha ollada

a paisaxe, ata perder a vista no horizonte;

podes atopar algún petroglifo agochado

polas silveiras e varredura acumulada ó seu carón;

pero non podes recuperar xa a súa forma primixenia,

só che quedará a lembranza da natureza vizosa.

## SEI QUE AGORA...

Sei que agora non dispoño  
do teu tempo,  
ese tempo fragmentado que abanea  
o alicerce do presente  
e amosa con receo as feridas  
aínda abertas do pasado.

Deslea o nó que preme a miña dúbida.

Ti e mais Eu,  
Quénes somos?  
Ti e mais Eu,  
Ónde imos?  
Ti e mais Eu,  
Mar e vento.



## FAVORES PRESTADOS

Vendéchesme un favor  
e agora mo reclamamos?  
Os favores son de balde  
e non promesas pagadas.

É un acto de liberalidade,  
xeneroso e sincero,  
non ten data de caducidade.

Abofé, quen recibe o favor debe estar agradecido  
e ter algún ca outro aceno,  
mais non verse prendido  
cun antollo preguiceiro,  
por seren favorecido  
cun favor prestameiro.